Ana Ramil guía este domingo un novo roteiro literario da AELG dende “a coiraza do Orzán”

Redacción

2 de outubro de 2026

https://xornaldacoruna.gal/2026/10/02/ana-ramil-guia-este-domingo-un-novo-roteiro-literario-da-aelg-dende-a-coiraza-do-orzan/

O Roteiro Onde baten as ondas do meu corazón, guiado por Ana Ramil, vai ter lugar o domingo 4 de outubro, a partir das 12:00 horas, na Coruña, tendo como punto de saída Paseo Marítimo da praia do Orzán, no “rompeolas”.

En palabras da autora: **“Dende a coiraza do Orzán ata a praza das Bárbaras,** o pulso da península desbócase e amaina ao compás da nosa marcha.”

Esta iniciativa da AELG pretende dar a coñecer as cidades e vilas do país da man das nosas escritoras e escritores, que exercen de guías tomando como base obras propias ou alleas vinculadas a eses espazos. Deste xeito, posibilítase que a cidadanía goce persoalmente dos espazos físicos na súa relación coa memoria literaria.

A asistencia é gratuíta. Non é precisa inscrición previa.